

EXPTE: 10202/113

TIPO EXPTE: PROC. ABERTO SUBMINISTRO

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO

RENOVACIÓN DA ELECTRÓNICA DE REDE

1. Obxecto (artigo 99 LCSP)

O obxecto do contrato é o subministro, instalación e configuración da electrónica de rede municipal incluíndo sistemas de comunicacións do CPD municipal, electrónica de rede de planta así como a electrónica de rede das sedes remotas. A empresa adxudicataria deberá renovar o equipamento de switching existente no Concello de Vigo, por equipos modernos adaptados ás necesidades dos servizos municipais en termos de tráfico, redundancia, seguridade e rendemento. Este contrato inclúe a actualización da electrónica de rede (switches) nas diferentes sedes municipais do Concello de Vigo

LOTES

O contrato non se divide en lotes por razóns técnicas e de eficiencia xa que o sistema debe funcionar coma un todo integrado e unificado. O adxudicatario debe ser quen se encargue da coordinación e integración de todos os elementos para acadar esa infraestrutura, de forma que o interlocutor para o Concello de Vigo sexa único, tanto para o subministro como para a xestión da garantía de todo o sistema.

2. Procedemento de adxudicación e forma de tramitación

O procedemento de adxudicación é Aberto con múltiples criterios, con tramitación ordinaria.

3. Prezos unitarios

Descrición	Prezo/unidade
<i>Equipos electrónica de rede de core ou nodo central</i>	32.000 €
<i>Equipos electrónica de rede de CPD</i>	30.000 €
<i>Equipos electrónica de rede de enrutamento OSPF</i>	8.000 €
<i>Equipos electrónica de acceso de 48 portos POE</i>	4.900 €
<i>Equipos electrónica de acceso de 24 portos POE</i>	3.150 €





EXPTE: 10202/113

TIPO EXPTE: PROC. ABERTO SUBMINISTRO

4. Prazo de execución e prórroga

O prazo de execución do contrato será de 10 meses para o hardware e as súas correspondentes licencias.

Os prazos indicados xustifícanse pola natureza das prestacións, o financiamento e a necesidade de someter a concorrencia o contrato.

5. Solvencia

5.A.I. Solvencia técnica e profesional

A empresa adxudataria deberá estar en posesión da certificación NIVEL MEDIO do ENS segundo o sinalado no Art 2.3 del ENS (Real Decreto 311/2022, de 3 de maio, por el que se regula el Esquema Nacional de Seguridad) e na instrucción Técnica de Seguridade.

Ademais, en cumprimento do establecido nos artigos 89 e 90 da LCSP, a solvencia técnica e profesional dos licitantes deberá acreditarse polos seguintes medios:

- Unha relación dos principais subministros, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita subministros por importe igual ou superior ao 70% do prezo do contrato.

5.A.II. Solvencia económica e financeira

Con carácter xeral remitímonos aos criterios xerais fixados desde o servizo de contratación, polo que, en cumprimento do establecido nos artigos 87 da LCSP, a solvencia económica e financeira deberá acreditarse mediante declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior ó 70% do valor estimado do contrato.

5.A.III. Xustificación da solvencia:

Para celebrar contratos co sector público os empresarios deberán acreditar estar en posesión das condicións mínimas de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica. Os requisitos solicitados na presente contratación de conformidade co establecido no artigo 74 LCSP, están directamente vinculados co obxecto do contrato e son totalmente proporcionais, considerándose deste modo que a achega da requirida solvencia garantirá a capacidade do adxudicatario para contratar coa administración. Ademais, en relación coa solvencia técnica, segundo o artigo 2.3 do Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade:

“Os pregos de prescricións administrativas ou técnicos dos contratos que celebren as entidades do sector público incluídas no ámbito de aplicación deste real decreto contemplarán todos aqueles requisitos necesarios para asegurar a conformidade co ENS dos sistemas de información nos que se sustenten os servizos prestados polos contratistas, como a presentación das correspondentes Declaracións ou Certificacións de Conformidade co ENS.”





EXPTE: 10202/113

TIPO EXPTE: PROC. ABERTO SUBMINISTRO

6. Medios persoais a adscribir ó contrato

Atendendo ás prestacións deste contrato, o adxudicatario deberá adscribir un equipo de traballo constituído, cando menos, polos seguintes perfís:

Xefe de proxecto:

Licenciatura ou grao en campo relacionado coas finanzas, economía, administración de empresas, informática ou telecomunicacións. Mínimo 2 anos de experiencia

Supervisor técnico:

Enxeñeiro, licenciado ou grao en informática ou telecomunicacións. Mínimo 2 anos de experiencia.

Técnico de campo.

Titulado FP Grao Superior en informática ou Comunicacións. Mínimo 2 anos de experiencia.

Acreditación: a formación acreditarase mediante os correspondentes títulos académicos e/ou certificados expedidos por organismos públicos oficiais e a experiencia laboral mediante contratos laborais e vida laboral.

Xustificación dos medios persoais mínimos:

O contrato esixe a elaboración de un proxecto de instalación e configuración de dispositivos electrónicos nun entorno de produción que pode repercutir de xeito moi importante na dinámica de traballo municipal, tanto interna como externamente. Dada a complexidade da rede de comunicacións municipais, de datos e voz, estimase que é necesario que a persoa que realice as configuracións, integración e posta funcionamento do equipamento posúa uns coñecementos avanzados en materia de electrónica de comunicacións.

7. Criterios de valoración e xustificación dos mesmos

A adxudicación recaerá na proposición mais vantaxosa no seu conxunto, tendo en conta diversos criterios relacionados co obxecto do contrato, para tratar de acadar a mellor calidade-prezo e que se establecen a continuación, sen atender exclusivamente ao prezo.

En consecuencia, para a valoración das ofertas outorgarase un **máximo de 100 puntos**, dos que **40 puntos** corresponderanse con criterios avaliábeis mediante **xuízo de valor** e **60 puntos** serán consecuencia da aplicación de criterios avaliábeis de forma **automática**.

Ademais, considérase que debe establecerse un **limiar mínimo** do 50% da puntuación do conxunto dos criterios dependentes do xuízo de valor para continuar no proceso selectivo porque o obxecto do contrato e o desenvolvemento do mesmo pode ter un alto impacto e unha grave repercusión no funcionamento desta administración, sendo necesario que as propostas técnicas presentados teñan un mínimo de calidade e viabilidade.





EXPTE: 10202/113

TIPO EXPTE: PROC. ABERTO SUBMINISTRO

7.A) Xustificación dos criterios dependentes dun xuízo de valor.

Dado que o equipamento solicitado debe ser configurado, instalado e integrado nun sistema en produción 24x7 infírese que estas tarefas requiren de coñecementos e capacidade que garantan ó desenvolvemento do proxecto sin impactar na rede de comunicacións do Concello garantindo a continuidade do servizo. Cabe polo tanto valorar a maior experiencia en proxectos de similar ou maior magnitude, aparte das titulacións mínimas esixidas, en aras a obter a maior calidade posible.

Valoraranse o modelo e características técnicas do subministro ofertado atendendo a criterios de detalle e calidade. Incluirá:

- Metodoloxía de traballo e composición do equipo: a composición do equipo asignado a este contrato e a súa experiencia relacionada na intervención de proxectos similares. Especificarase o equipo proposto para a posta en funcionamento do equipamento e o correcto desenvolvemento do servizo de comunicacións, cos seus correspondentes perfís, indicando o número de persoas (garantindo un mínimo de 3) propostas para cada perfil xunto coa súa dedicación na execución dos traballos, as tarefas a realizar e a responsabilidade que lle corresponderá a cada unha.

Non serán obxecto de valoración os requisitos mínimos recollidos no apartado 6 desta memoria.

- Plan de traballo relacionado coas tarefas propias do contrato. Debido ó impacto do equipamento no desenvolvemento do traballo diario 24x7 no Concello, valorarase o plan de implantación de xeito que se minimize a duración dos posibles tempos de corte ou indispoñibilidade parcial da rede así como a disposición das instalacións presentadas.
- Características técnicas da solución ofertada. As propostas que concorran o presente contrato incluirán unha descrición da solución co suficiente nivel de detalle como para comprobar o cumprimento explícito dos requisitos. Valorarase a calidade do equipamento, a capacidade e o deseño da solución proposta dada a importancia para o desenvolvemento actual e futuro da rede de comunicacións municipal. As empresas licitadoras deberán indicar na súa proposta a arquitectura de rede proposta, o detalle das conexións entre equipos, o detalle do equipamento ofertado, a posible reutilización do equipo actual válido e o sistema de xestión dos equipos a subministrar.
- As propostas que concorran o presente contrato incluirán unha descrición da solución co suficiente nivel de detalle como para comprobar o cumprimento explícito dos requisitos plasmados no presente prego.

A puntuación distribuirase nos seguintes subcriterios:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/01/2024 08:54	Páxina 4 de 12
10202-113	CSV: A3A839-D93H86-CBAFCE-C5DUBN-JAGGMJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



EXPTE: 10202/113

TIPO EXPTE: PROC. ABERTO SUBMINISTRO

- Xestión do desenvolvemento proxecto (20 puntos)
- Características técnicas da solución ofertada (20 puntos)

7.B) Xustificación dos criterios avaliados automaticamente.

Prezo (60 puntos): Cos criterios suxeitos a fórmulas búscase a mellor relación calidade-prezo, tratando de obter o máximo aforro posible para a Administración, ademais de obter unha mellora das prestacións de proxecto a maiores das mínimas establecidas.

7.C) Valoración dos criterios dependentes dun xuízo de valor (40 puntos) cun limiar do 50%

7.C.I. Xestión do desenvolvemento do proxecto: ata 20 puntos

Dentro do plan de desenvolvemento valorarase:

- Calidade en canto a detalle e descrición da proposta.
- Medidas a implementar para reducir o impacto da instalación na infraestrutura de comunicacións municipal.
- Identificación dos riscos e medidas propostas para a súa minimización.
- Composición do equipo asignado a este contrato e a súa experiencia relacionada na intervención de proxectos similares
- Tarefas en que se divide o proxecto e cronograma de execución.

7.C.II. Características técnicas da solución: ata 20 puntos

Dentro das características técnicas da solución valorarase:

- O equipamento de rede proposto para todas as ubicacións do Concello de Vigo debe ser de fabricantes recoñecidos no mercado nas que o fabricante estea acreditado como líder no cuadrante de Gartner para infraestrutura LAN cableada e sen fíos, valorándose a posición e anos de permanencia referidos aos últimos 4 anos.
- A velocidade, número dos portos, potencia de PoE en cada porto, capacidade de transferencia de datos, fontes de alimentación redundadas e outras características técnicas ofertadas en cada unha das tipoloxías de equipos a maiores das mínimas solicitadas no PPT.
- A arquitectura proposta para a solución.
- O deseño técnico da interconexión do equipamento e a integración co actual que se reutilice.
- As características do licenciamiento ofertado.
- Funcionalidades avanzadas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/01/2024 08:54	Páxina 5 de 12
10202-113	CSV: A3A839-D93H86-CBAFCE-C5DUBN-JAGGMJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



EXPTE: 10202/113

TIPO EXPTE: PROC. ABERTO SUBMINISTRO

- Capacidade de implementación de tecnoloxías SDN co equipamento ofertado.
- As capacidades do sistema de xestión do equipamento respecto a integración co equipamento reutilizado, recollida de información automática sobre os dispositivos da rede, visibilidade da rede, analítica de nivel 7, facilidade de operación, interface gráfico de usuario e automatización de tarefas habituais.

LIMIAR determinante da exclusión (umbral)

Neste proxecto debido a criticidade para o Concello de Vigo dos servizos solicitados require unha competencia técnica avanzada. Esta información é fundamental para estimar a capacidade do licitador. Atendendo a criterios de calidade, aquelas ofertas que non obteñan unha puntuación mínima de **20 puntos**, no conxunto de elementos a valorar mediante criterios dependentes de xuízo de valor, **quedarán excluídos da sucesiva fase licitadora.**

7.D) Valoración dos criterios avaliados automaticamente (60 puntos):

OFERTA ECONÓMICA:

A suma total dos conceptos económicos e de **60 puntos**

PREZOS UNITARIOS (con IVE incluído): si.

- A redución do prezo unitario dos equipos *Equipos electrónica de rede de core ou nodo central:* valorarase con ata **8 puntos**
- A redución do prezo unitario dos equipos *Equipos electrónica de rede de CPD* valorarase con ata **8 puntos**
- A redución do prezo unitario dos equipos *Equipos electrónica de rede de enrutamento OSPF* valorarase con ata **2 puntos**
- A redución do prezo unitario dos equipos *Equipos electrónica de acceso de 48 portos POE* valorarase con ata **22 puntos**
- A redución do prezo unitario dos equipos *Equipos electrónica de acceso de 24 portos POE* valorarase con ata **20 puntos**

7.E) Fórmulas a aplicar na valoración dos criterios de adxudicación

Séguese as fórmulas xerais:

1º.- Para valorar as baixas ou aqueles criterios nos que se valore unha diminución dos valores propostos pola Administración (menor prezo, menor prazo, menores consumos, etc.) con carácter previo á aplicación das fórmulas é preciso calcular o valor de referencia das baixas.

a) **Cálculo do valor referencia das baixas (Vrb):**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/01/2024 08:54	Páxina 6 de 12
10202-113	CSV: A3A839-D93H86-CBAFCE-C5DUBN-JAGGMJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



EXPTE: 10202/113

TIPO EXPTE: PROC. ABERTO SUBMINISTRO

O valor da baixa ofertada obterase restando ao valor proposto pola Administración o valor ofertado polo licitador.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. En función do número de ofertas admitidas que non conteñan valores anormais ou desproporcionados serán descartadas para este cálculo:

- Entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- Entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- Entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as tres primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- Máis de 15 ofertas: eliminaranse as catro primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.

Entre os valores de baixa non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá o Valor referencia das baixas (Vrb).

b) Para valorar baixas inferiores ao Vrb aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,80 * Pmx * Vof}{Vrb}$$

Onde:

Pmx: puntuación máxima do criterio

Vof: valor ofertado de baixa

Vrb: valor referencia das baixas

c) Para valorar baixas iguais ou superiores ao Vrb aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,80 * Pmx + 0,20 * Pmx * A}{B}$$

Onde:

Pmx: Puntuación máxima do criterio

A: diferenza entre o valor da baixa ofertada e o Vrb

B: a maior diferenza entre o valor de baixas ofertadas e o Vrb

2º.- Para valorar aqueles criterios nos que se valore un aumento dos valores propostos pola Administración (aumento prazo de garantía, incrementos de persoal, incremento do control da calidade, etc.) con carácter previo á aplicación das fórmulas é preciso calcular o valor de referencia dos incrementos.

a) Cálculo do valor referencia dos incrementos (Vri):

O valor do incremento ofertado obterase restando ao valor ofertado polo licitador o valor proposto pola Administración.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor do incremento. En función do número de ofertas admitidas, por cada fracción de 5 ofertas admitidas, serán descartadas para este cálculo:

- entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/01/2024 08:54	Páxina 7 de 12
10202-113	CSV: A3A839-D93H86-CBAFCE-C5DUBN-JAGGMJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

EXPTE: 10202/113

TIPO EXPTE: PROC. ABERTO SUBMINISTRO

- entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas primeiras ofertas da lista do orde decrecente, aínda que o valor do incremento sexa idéntico.
- entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as tres primeiras ofertas da lista do orde decrecente, aínda que o valor do incremento sexa idéntico.
- máis de 15 ofertas: eliminaranse as catro primeiras ofertas da lista do orde decrecente, aínda que o valor do incremento sexa idéntico.

Entre os valores de incremento non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá o Valor referencia dos incrementos (Vri).

b) Para valorar incrementos inferiores ao Vri aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,80 * Pmx * Vof}{Vri}$$

Onde:

Pmx: puntuación máxima do criterio

Vof: valor ofertado de incremento

Vri: valor referencia dos incrementos

c) Para valorar incrementos iguais ou superiores ao Vri aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,80 * Pmx + 0,20 * Pmx * A}{B}$$

Onde:

Pmx: Puntuación máxima do criterio

A: diferenza entre o valor do incremento ofertado e o Vri

B: a maior diferenza entre o valor de incremento ofertadas e o Vri

Xustificación das fórmulas.- Estas formulas resultan adecuadas para a valoración dos criterios avaliáveis mediante a aplicación de fórmulas, por canto resultan proporcionais e as mesmas veñen sendo utilizadas por esta administración con continuidade e co visto bo da Intervención Municipal.

8. Ofertas con valores anormais ou desproporcionados

Considerarase que son ofertas anormalmente baixas aquelas ofertas nas que a baixa sobre o orzamento de licitación en valor porcentual, sexa superior ao valor resultante da suma de 10 puntos porcentuais do valor da media aritmética das baixas ofertadas en valor porcentual.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa en porcentaxe. Para o cálculo da media aritmética das baixas serán descartadas as seguintes ofertas:

- Entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- Entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse a oferta que conteña o valor máis alto e a que conteña o valor máis baixo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/01/2024 08:54	Páxina 8 de 12
10202-113	CSV: A3A839-D93H86-CBAFCE-C5DUBN-JAGGMJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

EXPTE: 10202/113

TIPO EXPTE: PROC. ABERTO SUBMINISTRO

- Entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico e a que conteña o valor máis baixo.
- Máis de 15 ofertas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico e as dúas ofertas que conteñan o valor máis baixo.

Entre os valores de baixa en euros non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá a media aritmética das baixas ofertadas. Será calculado en valor porcentual e aplicarase con dous decimais.

9. Condicións especiais de execución

Tendo en conta que este contrato ten unha grande carga de traballo a desenvolver polo persoal que cumpra os perfis laborais que se requiren e en aras de fomentar a consecución de unha entona laboral en igualdade non discriminatoria solicítase a adxudicataria a:

- Rexerse segundo os principios da Igualdade de trato, a igualdade de oportunidades, o respecto á diversidade e á diferenza con respecto ás súas traballadoras e traballadores
- Á integración da perspectiva de xénero, á acción positiva, a eliminación de roles e estereotipos en función do sexo, nas súas actuacións
- A procurar unha representación equilibrada de mulleres e homes con capacidade, competencia e preparación adecuada nos seus órganos directivos e colexiados
- A elaborar as súas estatísticas e estudos con perspectiva de xénero, recollendo e presentando os datos desagregados por sexo
- A efectuar un uso non sexista da linguaxe e as imaxes en calquera tipo de soporte

Xustificación :

Esta condición especial de execución vén recollida no artigo 202.2 da LCSP e esíxese neste contrato co obxectivo de afondar nunha contratación socialmente máis responsable, que incorpore nos procedementos de contratación obxectivos específicos de política social.

10. Prazo de garantía

O prazo de garantía será de tres (3) anos.

A garantía consistirá en solucionar calquera tipo de erro producido na instalación do equipamento, actualizacións de software/firmware, soporte correctivo, licenzas e a substitución e instalación do componente avariado.

En caso de avaría, durante o período de garantía, o adxudicatario será o encargado de realizar as xestións pertinentes co fabricante para a súa reparación ou substitución.



EXPTE: 10202/113

TIPO EXPTE: PROC. ABERTO SUBMINISTRO

11. Garantías

Non se esixe garantía provisional nin complementaria. Soamente a garantía definitiva obrigada pola lei.

12. Subcontratación

A subcontratación rexerese polo disposto nos artigos 215, 216, 217 e a disposición adicional quincuaxésima primeira da Lei de Contratos do Sector Público. Non se fixan tarefas críticas a realizar polo contratista principal.

13. Modificacións do contrato

Non procede

14. Responsable do contrato

A persoa responsable do Contrato é o *Técnico Responsable de Seguridade informática*

15. Seguro

A empresa adxudicataria debe contar cun seguro de responsabilidade civil (mínimo 300.000€)

16. Lugar de entrega

O lugar de entrega será nas diversas instalacións do Concello. A instalación e configuración dos compoñentes software poderá realizarse a distancia, dentro das instalacións da empresa adxudicataria ou en modalidade de teletraballo. O Concello de Vigo entregará ao contratista identificacións de acceso á rede interna corporativa para que poida desempeñar os traballos e tarefas obxecto desde contrato.

17. Data prevista para o inicio do contrato

Prevese o inicio do contrato para o 01-04-2024.

18. Etiquetas

Non se esixen.



EXPTE: 10202/113

TIPO EXPTE: PROC. ABERTO SUBMINISTRO

19. Informes de probas

Non se esixen.

20. Cesión de datos ao adxudicatario e cesión de dereitos de propiedade intelectual ou industrial

A execución deste contrato en principio non require entrega de datos, xa que se entregará ao contratista usuarios de acceso á rede corporativa do Concello para que poidan desempeñar os traballos relativos á configuración, posta en funcionamento e mantemento dos sistemas obxecto deste contrato. Non obstante, se por mor de incidencias particulares, que afecten ou impidan o funcionamento normal dos sistemas, resultase necesario ceder datos, estes soamente poderán ser usados coa finalidade da resolución de tales incidencias.

Non hai transferencia de dereitos de propiedade intelectual ou industrial.

21. Códigos de identificación das prestacións

O obxecto do contrato podería identificarse cos códigos CPV seguintes:

- 32400000 Redes

22. Outros aspectos a ter en conta na redacción do prego de cláusulas administrativas

No documento ANEXO o PPT detállase o inventario do equipamento actual e a súa distribución necesario para presentar a oferta.

Este documento, dado que contén información sensible que non debe ser publicada abertamente por afectar á privacidade e seguridade do Concello, estará suxeito a confidencialidade con carácter permanente e non será obxecto de publicación no perfil do contratante. Entregarase, previa solicitude, polo Servizo de Administración Electrónica, a partir do día seguinte á publicación do anuncio de licitación, ás persoas identificadas como representantes dos licitadores que teñan intención de participar na licitación, tras a aceptación e sinatura dun documento de confidencialidade.

23. Declaración de ausencia de conflitos de intereses

O técnico que subscribe declara non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado por Resolución da Concellería delegada de Xestión Municipal de data 3 de marzo de 2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (XGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación.

Asemade, a Concellería da Área de Goberno de Contratación, Patrimonio, Festas e Xestión Municipal D^a. Patricia Rodríguez Calviño, subscribe declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/01/2024 08:54	Páxina 11 de 12
10202-113	CSV: A3A839-D93H86-CBAFCE-C5DUBN-JAGGMJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

INFORMÁTICA -
ADMINISTRACIÓN
ELECTRÓNICA

CONCELLERÍA
DE
SEGURIDADE, CONTRATACIÓN E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



EXPTE: 10202/113

TIPO EXPTE: PROC. ABERTO SUBMINISTRO

da Concellería delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e no Plan de Integridade na Contratación.

Asinado electronicamente por:

O responsable técnico de seguridade informática José Francisco Mourelle González

O xefe de servizo de Administración Electrónica Antonio Villanueva Guimeráns

A CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE SEGURIDADE, CONTRATACIÓN E XESTIÓN MUNICIPAL.- Patricia Rodríguez Calviño

O CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE ORZAMENTOS E FACENDA Jaime Aneiros Pereira

